



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 965 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4 DE FEBREIRO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: sesión ordinaria do 28 de febreiro e extraordinaria e urxente do 29 de febreiro de 2021.

CONTRATACIÓN

- 2.- Modificación do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 6570/241.
- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo. Expte. 18174/101.
- 4.- Adxudicación da contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos". Expte. 604/441.

DEPORTES

- 5.- Prórroga do contrato de Servizo de Xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO na cidade de Vigo. Expte. 20376/333.

EMPREGO

- 6.- Procedemento de pago das becas-axudas para os participantes do "Programa integrado de emprego do Concello de Vigo"- 2021. Expte. 17956/77.
- 7.- Aceptación da renuncia presentada pola Fundación Luis Tilve á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro. Expte. 17129/77.
- 8.- Aceptación da renuncia presentada pola Fundación Acción Laboral á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro. Expte. 17114/77.

PATRIMONIO

- 9.- Aceptación da doazón da entidade MAPE ASESORES S.A. de máscaras quirúrxicas e hixiénicas ó Concello de Vigo para facer fronte ao COVID-19. Expte. 20684/240.

RECURSOS HUMANOS

- 10.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas auxiliares administrativos/as para a Oficina de Asistencia ao Rexistro Xeral. Expte. 36948/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 11.- Fixación de prezos de venda de entradas da programación de artes escénicas que se realizará no Auditorio municipal entre febreiro e abril de 2021. Expte. 3686/330.

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

- 12.- Proposta de aprobación da “Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo – 2020”. Expte. 904/1102.

SEGURIDADE

- 13.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Seguridade durante o ano 2020. Expte. 117523/210.

- 14.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **4 de febreiro de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez